

## **PROGRAMA**

### **CORAL POLIFÓNICA DE BURELA**

1. Te busqué..... Poema del libro Senderos para el viajero / Arr. Alex Parapar
2. Compañeira..... P. Travieso
3. La llamada ..... Armando Bernabeu
4. Señora do Almurtao ..... Tradicional de Portugal / Armonía: Julio Domínguez

*Dirixe: D. Iván Vale Fraga*

### **CORAL POLIFÓNICA COSTA DA MORTE, CEE**

1. La conquista del paraíso
2. Por el mar
3. La reina del placer
4. Non sei

*Dirixe: D. Isidro Caamaño Trillo*

### **AGRUPACIÓN POLIFÓNICA CENTRO ASTURIANO (AVILÉS)**

1. Habladme del mar ...Ángel Barja Iglesias (1938-1987) / Letra: M<sup>a</sup> Dolores Otero
2. Por el mar ..... Manuel Moreno Buendía (1932) / Letra: Isabel Pareja
3. La nostalgia del mar (2002) .Rosa M<sup>a</sup> Tarruell / Adapt.: Gonzalo Casielles (1931)
4. Yo quiero ser marinero.....Manuel Celdrán Riquelme (1901-1988)

Letra: Vicente Mas Martínez

*Dirixe: D. José Manuel San Emeterio*

### **CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL ATALAIA DE LAXE (A CORUÑA)**

1. O canteiro
2. Flor tropical
3. A mi añoransa
4. Meu amor é mariñeiro

*Dirixe: D. Isidro Caamaño Trillo*

# **XVII CERTAME DA CANCIÓN MARIÑEIRA**

**Sábado  
28 de xullo  
ás 20.00 horas**

**Praza de Ramón Juega**

**Corais participantes:**

**Coral Polifónica de Burela**

**Coral Polifónica Costa da Morte (Cee)**

**Agrupación Polifónica Centro Asturiano (Avilés)**

**Coral Polifónica Municipal Atalaia de Laxe**

Organizan e colaboran:



**Concello de Laxe  
Área de Cultura**



**Concello de Laxe**  
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA CORAL  
POLIFÓNICA MUNICIPAL  
ATALAIA DE LAXE



**Cruz Vermella  
Laxe**



**PROTECCIÓN CIVIL  
CONCELLO DE LAXE**



*Xulio Barreiro  
Imaxes © 2017*

## CORAL POLIFÓNICA DE BURELA

Despois da súa constitución en 1987 debutou o 21 de maio de 1988 no Cine Mon de Burela.

Está integrada dende a súa fundación na Federación Coral Galega (FE.CO.GA).

Dende o seus comezos participa con outras corais e colectivos por toda a xeografía galega e outras comunidades como a Asturiana, Castela-León (Valladolid, Villafranca del Bierzo, La Bañeza, Ponferrada, Favero del Bierzo, Palencia), Cantabria (Torrelavega), etc.

En 1992 actuou no Teatro Victoria Eugenia de San Sebastián con motivo do Festival “Galicia canta en Euskadi”, e en outubro de 2007 en Getxo (Vizcaya). Foi seleccionada para actuar varios anos na “Mostra Xacobeana de Panxoliñas”, participando tamén na Misa Dominical da TVG, no certame “Con música propia” e no programa “Galicia para el mundo”.

Entre os actos que organiza dende a súa fundación destacan o Festival das Letras Galegas en maio e o de Panxoliñas en decembro. Tamén organizou o I, II e III Concertos de Zarzuela celebrados en Burela nos anos 2002, 2003 e 2006, con gran éxito de público. En maio de 2006 celebrou o seu XX Aniversario coa presenza de tódalas corais da Mariña Lucense.

No seu XXV aniversario tivo lugar a presentación oficial do seu primeiro CD gravado na igrexa parroquial de San Román de Villaestrofe (Cervo).

Dende 2012 organiza no mes de xullo o “Festival de Música do Mundo”.

Os seus directores dende a súa fundación foronos seguintes: D. Secundino Rodríguez Pérez, D. Higinio Pérez Bustabad, D. Delio Represas Carrera, D. Felipe Sánchez Fernández e o director actual D. Iván Vale Fraga.

## CORAL POLIFÓNICA COSTA DA MORTE, CEE

Foi fundada no ano 2008 polo Mestre D. Isidro Caamaño, sendo unha das súas finalidades a difundir e cultivar todo tipo de música coral.

Fixo a súa presentación en novembro do ano 2008, coincidindo coa entrega dos Faros de Neria.

En abril do ano de 2009 foi seleccionada pola TVG de Galicia xunto con outras 23 corais de Galicia para participar no “Certame Cantares Gallegos”, quedando nun destacadísimo segundo posto.

Dende entón ven desenvolvendo unha intensa actividade, tornando parte en numerosos actos culturais en toda Galicia, resto de España e Portugal. O 12 de Outubro de 2017, Día da Hispanidade, animou a Santa Misa na Basílica de S. Pedro no Estado Vaticano.

Grava o seu primeiro disco “Amencer na Costa da Morte” (Xaneiro 2013), e no ano 2015 grava o seu segundo disco “Mar de Estrelas”.

O seu repertorio esta composto por obras de moi diversos autores galegos, nacionais e estranxeiros.

A Coral está composta por 36 coralistas.

Dende a súa fundación está dirixida por D. Isidro Caamaño.

## AGRUPACIÓN POLIFÓNICA CENTRO ASTURIANO (Avilés)

Esta agrupación polifónica foi fundada no ano 1980 por iniciativa de D. Juan Lafuente Felis coa finalidade de fomentar e potenciar a música tradicional asturiana e principalmente aquela de Avilés, que cargada co ritmo cadencioso da habaneira, cantábase nas noites máxicas da ancestral “DANZA PRIMA”.

Participou en concertos pola casi totalidade da xeografía asturiana e na gran maioría das Comunidades de España así como en distintos lugares de Europa como Suiza e Portugal.

Na súa dilatada existencia, gaña varios premios en certamens corais, realiza gravacións para TV e cadeas de radio e grava un CD coa Fonográfica Asturiana; intervén no Teatro Palacio Valdés, de Avilés en las zarzuelas: *La tabernera del puerto*, *La Revoltosa* y *el Barquillero*, con la Sinfónica del Mediterraneo y un elenco de primeras figuras de la Ópera de Madrid.

Está irmandada coa Agrupación Artística Ferrolana “Bohemios” e organiza dende o ano 1992, no mes de abril, o domingo e luns de Pascua, el “Encuentro Coral de Habaneras”, de carácter internacional dentro das Festas de “El Bollo”, declaradas de Interés Turístico Nacional.

Fóronlle concedidos os pestixiosos premios “AXÚNTABANSE” na súa edición do 2015 e “UROGALLO” 2016.

Actualmente compóñena 40 voces mixtas e está dirixida por D. José Manuel San Emeterio.

## CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL ATALAIA DE LAXE

A Coral Polifónica Municipal Atalaia de Laxe nace, baixo o amparo do Concello de Laxe, no ano 2001.

Está composta, na actualidade, por 34 voces mixtas.

Durante estes anos, ten actuado en gran parte de Galicia, destacando: Festival de Habaneras de A Coruña; representando á Costa da Morte, en A Capela, con motivo da catástrofe do “Prestige”. No ano 2015 proclamouse gañadora do XV Certame de Corais en Ourense.

Fóra de Galicia, ten actuado nas comunidades de Asturias, Cantabria, Castela-León, Extremadura e Madrid. Tamén en distintas cidades de Portugal, así como en Mendoza e Bos Aires (Arxentina).

Organiza dous encontros corais en Laxe: o Certame da Canción Mariñeira en xullo e Festival de Panxoliñas en decembro.

Repertorio variado e en progresión, con todo tipo de música.

Grazas á xestión do Concello de Laxe e ás aportacións recibidas da Deputación e Estudio MANS de A Coruña, gravou o seu primeiro CD, titulado “Sons da Terra”, no ano 2006.

Está dirixida dende o ano 2013 por D. Isidro Caamaño Trillo.